

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE DECEMBRO DE 2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:06 horas do día 4 de decembro de 2014, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiu:

Don Iván Puentes Rivera

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria urxente do 29.09.2014, da ordinaria do 06.11.2014 e da extraordinaria do 24.11.2014**

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

**2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1008/2014 á 1232/2014**

Os concelleiros danse por informados.

O voceiro do grupo do BNG, don Juventino José Trigo Rey, pregunta, respecto da resolución 1117/2014, por que houbo que adiantar os cartos.

Contesta o concelleiro delegado de facenda, Juan José Franco Casal, que o proxecto de eficiencia enerxética é xestionado polo Concello de Cabanas e haille que adiantar os cartos para que poidan facer fronte aos gastos do proxecto.

**3. Dación de conta do informe conxunto da intervención e tesourería correspondente ao 3º trimestre de 2014 sobre o período medio de pagamento aos provedores segundo establece o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo**

Os concelleiros danse por informados.

**4. Dación de conta do informe de intervención e tesourería correspondente ao 3º trimestre de 2014 sobre o cumprimento das previsión establecidas na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais**

Os concelleiros danse por informados.

**5. Aprobación, se procede, da ratificación da incoación de imposición de penalidades á empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento Viaqua**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servizos e Medio Ambiente do 26.11.2014 por tres votos a favor do grupo popular e tres abstencións, dúas do grupo socialista e unha do grupo do BNG:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 27.08.2013 mediante resolución de alcaldía núm. 982/2013 requiriuse a Aquagest, S.A. para que no improrrogable prazo de 10 días naturais e, no seu caso, previa comunicación/autorización a Portos de Galicia, procedera a realizar unha serie de acutacións na E.D.A.R. de Maniños para solventar o estado de deterioro das ditas instalacións. Na dita resolución advertiuse a Aquagest, S.A. que, no caso de que no prazo indicado non realizara as actuacións indicadas estaría ó disposto nos pregos de condicións económico-administrativas que rexeron a contratación e demais normativa aplicable.

O 17.09.2013 presenta recurso de reposición Aquagest, S.A. contra a resolución de alcaldía núm. 982/2013.

O 01.10.2013 mediante resolución de alcaldía núm. 1088/2013, e trala emisión de informe polo enxeñeiro de camiños municipal do 20 de setembro de 2013 e da secretaria municipal do 30 de setembro de 2013, estimouse parcialmente o recurso de reposición interposto anulándose o requirimento de limpeza interior dos paramentos e fondos dos tanques da EDAR de Maniños por non estar comprendidos dentro do obxecto do contrato e desestimouse o recurso no resto das súas alegacións por estar o requirimento efectuado dentro dos termos contratuais fixados no contrato asinado o 19 de novembro de 1993. Na dita resolución advertiuse ó contratista que a demora na execución do requirimento podería dar lugar á imposición de penalidades en importe de 30 € ó día.

O 17.10.2014 mediante resolución de alcaldía núm. 1063/2014, e ante a situación de urxencia posta de manifesto polo enxeñeiro municipal no seu informe de 09.10.2014 no que di *"Realizada visita urxente ás 12,00 h do 26/09/2014 á E.D.A.R. de Maniños compróbase que existe, dene unha fenda vertical antiga no muro exterior de formigón, un vertido continuo en chorro perfectamente visible de augas residuais hacia a calzada e xardín do paseo marítimo Bieito Cupeiro [...] A situación apreciada pode considerarse grave e inadmisibile, non só por unha posible rotura do muro exterior de la E.D.A.R. senon por razóns séptivas e de salubridade"*, incouse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U. por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 9 de setembro de 2013 e o 17 de outubro de 2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución de alcaldía núm. 982/2013 e déuselle audiencia no expediente a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U. polo prazo de dez días hábiles.

As sancións a impoñer ó adxudicatario como consecuencia dun incumprimento contractual veñen recollidas na cláusula 21 do prego de condicións económico-administrativas que rexeron a contratación sen que se estableza procedemento algún para a súa imposición.

O procedemento a seguir para a imposición de penalidades debe ser o actualmente vixente. A normativa contractual, Real decreto legislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, unicamente sinala no artigo 212.8 *"Las penalidades se impondrán por acuerdo del órgano de contratación, adoptado a propuesta del responsable del contrato si se hubiese designado, que será inmediatamente ejecutivo, y se harán efectivas mediante deducción de las cantidades que, en concepto de pago total o parcial, deban abonarse al contratista o sobre la garantía que, en su caso, se hubiese constituido, cuando no puedan deducirse de las mencionadas certificaciones"*. Ante a falta de regulación na normativa contractual dun procedemento específico para imposición das penalidades que correspondan -máis alá de competencia para a súa imposición e a súa forma de execución- e vista a xurisprudencia existente, debe acudirse ás disposicións xerais sobre os procedementos administrativos do título VI da Lei 30/1992 non séndolle de aplicación a normativa propia do dereito sancionador (STS do 18.05.2005, 10.02.1990 e 21.11.1988).

0-0  
090  
150  
P-  
E:  
C

En base ao que antecede, sendo o pleno o órgano de contratación e conforme ó artigo 21.k) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, propoño ó pleno a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a incoación do expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U., mediante resolución de alcaldía núm. 1063/2014, por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 9 de setembro de 2013 e o 17 de outubro de 2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución de alcaldía núm. 982/2013 e nomear instrutora do procedemento á alcaldía do Concello de Fene.

Fene, 17 de outubro de 2014

O alcalde

**Gumersindo Pedro Galego Feal"**

**Abre o debate o alcalde que di que no seu día requiríuselle á Aquagest en virtude da resolución da alcaldía 982/2013 para que realizase as actuacións na estación depuradora de Maniños que solventaran o estado de deterioro das instalacións; daquela solicitóuselle que procedese á análise e baleirado das augas e lodos do tanque, procedendo á súa limpeza. Contra esta resolución a empresa interpuxo un recurso de reposición no que alegaba que non tiña a obriga de facer estas tarefas. Dito recurso estimouse parcialmente xa que en base ao prego de condicións que rexe esa contratación non lle correspondía facer a limpeza dos tanques aínda que si dos lodos e á retirada da auga. Na resolución do recurso advertíuselle ao contratista que a demora na execución do requirimento podería dar lugar á imposición de penalidades de 30 euros ao día. Dito requirimento nunca foi atendido e contra esta resolución que resolvía o recurso de reposición á empresa interpuxo recurso contencioso-administrativo no que se opón, non á retirada das augas pero si á retirada dos lodos porque pensa que non lle corresponde; estase levando no xulgado contencioso-administrativo de Ferrol e foi recibido a proba e non hai sentenza aínda. Non obstante neste recurso a empresa Viaqua non solicitou a suspensión do acto administrativo que continúa sendo executivo.**

**Á vista de que isto é así, o 17.10.2014 o enxeñeiro municipal constata nunha visita urxente á estación de Maniños que existe unha fenda vertical antiga no muro exterior de formigón que provoca un vertido continuo perfectamente visible que vai cara á estrada e ao xardín do Cupeiro, vertido que o enxeñeiro considera grave e inadmisíbel, non só por unha posible rotura do muro exterior, senón por razóns de salubridade. A raíz disto, incoouse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, que volve interpoñer recurso de reposición no que, agora si, solicita a suspensión do acto administrativo, o que foi desestimado porque neste trámite xa non procede a suspensión.**

**Por todo iso, agora vén este expediente, coa finalidade de ratificar a incoación do expediente e nomeamento de instrutor.**

**A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que procede actuar, se ben pensa que o contrato asinado con Aguagest dificulta bastante a interpretación de moitos aspectos pero, en calquera caso, a empresa é a responsable do mantemento e semella absurdo que a limpeza dos lodos e a retirada non sexa unha obriga da empresa que a mantén antes de que a depuradora deixe de estar en servizo. Aínda que a depuradora non realiza ningún tipo de traballo, pódese cuestionar que estea fóra de servizo xa que, polos datos que lles informaron, segue a ter algún tipo de vertido, xa que o baleirado normal do tanque tería que provocar que estivese baleiro e non o está, as achegas terían que ser moito menores que os vertidos que saen polas fendas. En poucos anos a Corporación terá que tomar unha decisión sobre o servizo de auga e espera recuperar este servizo, que é básico para os veciños, xunto cos demais grupos, xa que a xestión privada estase vendo que dá moitos problemas, tanto en Fene como noutros concellos.**

**De seguido intervéñ o alcalde que di que lle quedou por dicir que a auga que está vertendo a depuradora está analizada e dá uns resultados que están dentro dos parámetros polo que non supón un vertido contaminante.**

**A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que na Xunta de Voceiros non se dixo nada deste tema pero o tema é coñecido. Anuncia a abstención porque entende que esta é unha xestión que está facendo a alcaldía, da que están ao tanto, aínda que descoñecen o que se fai polo miúdo. Non obstante, pensa, respecto do que queda do contrato que hai que enfocar xa a posibilidade de recuperar a xestión deste servizo.**

**Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que coincide co dito co partido socialista e anuncia que votará a favor.**

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do PP, 4 do grupo socialista e 1 do grupo mixto), con 5 abstencións do grupo do BNG.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Ratificar a incoación do expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U., mediante resolución de alcaldía núm. 1063/2014, por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 9 de setembro de 2013 e o 17 de outubro de 2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución de alcaldía núm. 982/2013 e nomear instrutora do procedemento á alcaldía do Concello de Fene.**

#### **6. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de representantes en distintos órganos colexiados**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por unanimidade na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade do 28.11.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta de representantes en distintos órganos colexiados

O pasado 11.06.2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais do 22.05.2011.

Logo de ver o escrito do concelleiro do BNG Manuel Polo Gundín do 24.11.2014 (RE 11018/2014) no que solicita que se nomee representante titular do CPI A Xunqueira ao concelleiro Justo Martínez Ardá e como suplente ao concelleiro Manuel Polo Gundín.

Corresponde segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE núm. 305 do 22.12.1986) nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

Logo do que antecede propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1. Representante/s no consello escolar de centros de ensino público:

C.P.I. A Xunqueira:     Justo Martínez Ardá (titular)  
                                  Manuel Polo Gundín (suplente)

Fene, 25 de novembro de 2014  
O alcalde

0-0  
09E  
150  
P-  
E-  
10

Gumersindo Pedro Galego Feal”

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:**

**1. Representante/s no consello escolar de centros de ensino público:**

**C.P.I. A Xunqueira: Justo Martínez Ardá (titular)  
Manuel Polo Gundín (suplente)**

**7. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal en relación co futuro de Navantia**

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por unanimidade emitido na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade do 28.11.2014 ao que se introducen unhas emendas a proposta do grupo do PP, aceptadas polo grupo propoñente:

“Ma Carmen Martínez Rodríguez, na súa condición de Concelleira de ESQUERDA UNIDA no Concello de Fene, ao abeiro do vixente regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte moción ao obxecto de que se inclúa na orde do día do Pleno Ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Esquerda Unida é consciente da necesidade de que o próximo 1º de xaneiro, co final do último veto á construción naval civil no estaleiro de Navantia en Fene, se abran novas perspectivas de traballo para o Sector Naval na Comarca. Mírese por onde se mire, é unha auténtica barbaridade que durante tanto tempo un dos maiores estaleiros de Europa non puidese construír barcos, situación que agora, xa sen ataduras, tería que mudar. Esa obscura prohibición para a construción naval civil trouxo consigo o práctico desmantelamento desta industria na ría de Ferrol e a consecuente perda de miles de postos de traballo, tanto directos como indirectos. Como consecuencia das sucesivas reconversións e dos peches de industrias auxiliares centos e centos de familias fóronse desestruturando pola perda de traballo dos seus membros, mesmo con casos de todos eles, nunha comarca que presenta unha das peores situacións de desemprego tanto de Galicia como do Estado, algo que coa máxima urxencia terá que cambiar.

Esquerda Unida entende que o comezo do ano é un momento crucial para apostar decididamente –e non de “boquilla”– polo Sector Naval como eixo de emprego no Concello de Fene e no conxunto da comarca.

Esquerda Unida ten o convencemento, e por iso quere facelo ben patente, de que o inmediato futuro vai ser unha época na que a construción naval a nivel mundial vai ter máis peso que nunca. As limitacións da manga dos buques, que van desaparecer co inminente remate das obras de ampliación do Canal de Panamá, din que vai revolucionar o sector, o que nos pon diante dos ollos un futuro do máis prometedor, ao que, obviamente, as instalacións de Navantia de Fene non deberían de quedar alleas. As experiencias na construción de obras senlleiras de enxeñería naval que foron admiradas no mundo enteiro son unha garantía de que abordar novas empresas de calado non debe ser complicado.

O complicado é que realmente se queiran facer, que haxa clara vontade política. Neste sentido, Esquerda Unida, ve con fonda preocupación que a Xunta de Galicia non estea a falar para nada da recuperación da construción naval nas instalacións de Navantia en Fene e si, pola contra, presente, como case única opción para o estaleiro fenés, un proxecto de fabricación de torres para muíños de parques eólicos mariños, que levaría aparelado un inversión de 100 millóns, e unha suposta creación de 700 (como pico, segundo manifestou a empresa) postos de traballo na comarca, cedendo o uso

0-0  
09€  
150  
P-  
E-  
C-

dos chamados “terreos ociosos” para outro sector como é o das enerxías renovables, a través da Corporación Gestamp, a multinacional GRI Renovables.

Resulta cando menos curioso –por non dicir sospeitoso– que agora, cando o veto chegou ó seu final, aparezan novas vías de futuro para os terreos do estaleiro, mesmo con proxectos xa moi avanzados, pero que nada teñen que ver coa construción de buques, que é o que sempre se soubo facer e se fixo. Inclusive, a compatibilidade desa nova actividade coa natural do estaleiro non está para nada clara.

En consonancia co exposto, Esquerda Unida presenta ao Pleno do Concello de Fene a seguinte proposta de acordos:

Primeiro. O Pleno do Concello de Fene insta á SEPI e Navantia a expoñer con total claridade e transparencia os seus plans, dado que, polo dito ata agora, a situación semella mais ben contraditoria. Como punto de partida debería deixar ben claros os pormenores do proxecto da Gestamp para Navantia Fene, tanto no tocante á Inversión económica como ás cifras reais de emprego, directo e indirecto, ademais de indicar o número de metros cadrados da infraestrutura do estaleiro que se precisarían e cal sería a viabilidade certa de toda a operación.

Segundo. O Pleno do Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a que manifeste se tiña coñecemento de que a multinacional do sector eólico tiña previsións de instalarse en Fene e, de ser así, por que esperou tanto para estudar a viabilidade desas previsións, agardar xusto a cando remata o veto para construír barcos. Este comportamento parece demostrar que nada se fixo por Navantia e pola SEPI en todo este tempo para preparar adecuadamente as instalacións de Fene para que desde a chegada do fin do veto se puidese reiniciar inmediatamente a construción naval.

Terceiro. O pleno do Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a ter unha xuntanza coas forzas políticas do Concello, para falar do futuro da construción naval, actividade que non pode quedar en absoluto solapada por este posible proxecto relacionado coa enerxía eólica. Tratándose dunha actividade a maiores da construción naval, de algo que non poida supor un novo veto encuberto ás actividades propias dun estaleiro.

Cuarto. O Pleno do Concello de Fene insta á SEPI a que conforme un complexo industrial integral Ferrol-Fene, con autonomía de xestión e capacidade de decisión, centrado no sector naval, ademais de aclarar a situación de Navantia Fene a partir do 1 de xaneiro de 2015 en canto á produción naval e á posibilidade de implantación doutras producións como a eólica mariña.

Quinto. Dar traslado dos acordos aquí acadados a todos os Grupos Parlamentarios da Xunta de Galicia e do Goberno Central, á SEPI e Navantia.”

Abre o debate a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que logo de ler a proposta di que lle gustaría que a moción fose aprobada por todos os grupos e que de aquí saíse un compromiso de traballo para saber que vai pasar cos terreos de Navantia a partir do 01.01.2015 e ver se esta nova proposta non sexa unha causa encuberta que poida volver xerar un novo veto para Navantia. Remata dicindo que non están en desacordo coa fabricación dos eólicos mariños, pero sempre e cando se compatibilice coa construción naval.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a moción é pertinente en todos os seus aspectos.

Di, respecto do primeiro punto, que o que hai que facer é esclarecer as múltiples propostas de traballo para a ría de Ferrol e concretamente do estaleiro de Fene, xa que enriba da mesa hai 4 proxectos. Tamén se está dando unha certa aparencia de que vai sobrar traballo, por unha parte estase co tema dos floteis, que só ocupa a pouco máis de 200 traballadores no estaleiro; por outro lado estase co tema do BAM, que en teoría vai xerar moitos postos de traballo pero aínda non se deu comezado o corte de chapa porque non se dá asinado o convenio co Estado; tamén está o proxecto de Iberdrola para instalar muíños de enerxía eólica mariña, proxecto que precisaría de todos os espazos de Navantia menos os destinados a reparacións e que ofrece limitacións fronte a outras actividades e, en todo caso, á continuidade da construción naval, aínda que este proxecto ten unha temporalidade moi limitada. Logo está o proxecto de Gestamp, que é un proxecto que está absolutamente no aire, pero o certo é que o pouco que se sabe é que consistirá no aluguer de todo o espazo dos estaleiros agás aqueles que se adican a reparacións e, polo tanto, con incompatibilidade

para seguir facendo construción naval. O contrato sería por 8 anos e logo prorrogable ata 20 anos cunha inversión duns 100 millóns de euros, 50 en maquinaria e outros 50 na renovación das instalacións pero no que non se di nada do alcance das adecuacións das instalacións e non se sabe se este proxecto, que vai entre 8 e 20 anos, vai hipotecar calquera outro tipo de actividade que se poida desenvolver logo das modificacións feitas. A maiores fálase dun pico de 700 postos de traballo pero só garanten traballo en función da carga de traballo.

Tal e como se formula o debate non lle parece nada serio como o está tratando a administración galega e as administracións locais que se teñen manifestado ata o momento, pensa que co sector naval débese ter unha cousa clara e seria e non como se ve agora que semella que se están tocando 2 ou 3 paos sen coñecer se as propostas que se poñen enriba da mesa son de verdade de futuro ou son propostas que non teñen moito recorrido e sinala que tanto a proposta de Gestamp como a proposta de Iberdrola só crearían traballo no sector dos soldadores, deixando a maior parte das seccións dos estaleiros sen traballo.

Por todo isto parécelle ben que se esixa ás administracións públicas as aclaracións precisas do alcance real do proxecto de Gestamp e, a partir de aí, que se traballe na vía para que o futuro dos estaleiros da ría de Ferrol poidan ter un grao de autonomía á hora de definir e planificar o seu futuro e que a súa especialización, que é o valor engadido da comarca, siga a ter un futuro no complexo industrial naval a día de hoxe.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que este é un tema algo reiterativo e así o seu grupo xa dixo noutras ocasións que quere traballo para a comarca. A curto prazo xa se pediu reiteradamente á SEPI o informe do complexo industrial de Fene, que debe ter autonomía de xestión para poder tomar decisións. O veto remata o 01.01.2015 e a día de hoxe aínda non hai nada concretado de como se vai funcionar, como se vai facer ou se as instalacións están preparadas para porse en marcha dun xeito inmediato. Respecto do asunto de Gestamp di que pode ser unha boa opción, pero sempre de forma complementaria ao traballo que se debe facer nos estaleiros de construción naval.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que anuncia que o seu partido vai votar a favor da moción por estimar que é axeitada e que non están a ser informados convenientemente por quen consideran responsables da política de Navantia, que é tanto a propia Navantia como a SEPI. Cando o voceiro socialista fixo referencia á administración local pensa que se tratou dun lapso porque el non se manifestou ao respecto sobre este tema porque o descoñecía, incluso acaba de coñecer datos novos agora como o do aluguer, que non sabía del. Pensa que a moción é axeitada e que o Concello debe recibir información.

Engade que Astano xa fixo actividades compatibles e non ten nada que obxectar que veñan actividades que complementen ao sector naval sen esquecer que a actividade principal é a construción de barcos, artefactos offshore ou calquera outro tipo de enxeñería mariña que poida traer traballo e que sexa a actividade propia do estaleiro.

Por outro lado tamén se manifestou que hai moitas fórmulas para chegar a que algunha empresa poida entrar no estaleiro sen que se trate dunha venda dos terreos ou do estaleiro, por iso apoia que o estaleiro siga sendo de titularidade pública sen prexuízo da utilización que se poida dar cos contratos que se poidan facer segundo a lexislación vixente.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Primeiro. O Pleno do Concello de Fene insta á SEPI e Navantia a expoñer con total claridade e transparencia os seus plans, dado que, polo dito ata agora, a situación semella mais ben contraditoria. Como punto de partida debería deixar ben claros os pormenores do proxecto da Gestamp para Navantia Fene, tanto no tocante á Inversión económica como ás cifras reais de emprego, directo e indirecto, ademais de indicar o número de metros cadrados da infraestrutura do estaleiro que se precisarían e cal sería a viabilidade certa de toda a operación.**

**Segundo. O Pleno do Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a que manifeste se tiña coñecemento de que a multinacional do sector eólico tiña previsións de instalarse en Fene e, de ser así, por que esperou tanto para estudar a viabilidade desas previsións, agardar xusto a cando remata o veto para construír barcos. Este comportamento parece demostrar que nada se fixo por Navantia e pola SEPI en todo este tempo para preparar**

G-O  
090  
360  
150  
P-  
E-  
C-

**adecuadamente as instalacións de Fene para que desde a chegada do fin do veto se puidese reiniciar inmediatamente a construción naval.**

**Terceiro. O pleno do Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a ter unha xuntanza coas forzas políticas do Concello, para falar do futuro da construción naval, actividade que non pode quedar en absoluto solapada por este posible proxecto relacionado coa enerxía eólica. Tratándose dunha actividade a maiores da construción naval, de algo que non poida supor un novo veto encuberto ás actividades propias dun estaleiro.**

**Cuarto. O Pleno do Concello de Fene insta á SEPI a que conforme un complexo industrial integral Ferrol-Fene, con autonomía de xestión e capacidade de decisión, centrado no sector naval, ademais de aclarar a situación de Navantia Fene a partir do 1 de xaneiro de 2015 en canto á produción naval e á posibilidade de implantación doutras producións como a eólica mariña.**

**Quinto. Dar traslado dos acordos aquí acadados a todos os Grupos Parlamentarios da Xunta de Galicia e do Goberno Central, á SEPI e Navantia.**

### **8. Aprobación, se procede, da aprobación do proxecto "Camiño Cemiterio - Romariz (Barallobre)"**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 2 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras do 01.12.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 20 de novembro de 2014 a Axencia Galega de desenvolvemento Rural (AGADER) acordou aprobar o Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no mardo do PDR de Galicia 2007-2013

O Concello de Fene ten a intención de participar no citado Plan co proxecto "Camiño Cemiterio-Romariz (Barallobre)" redactado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2014 (RXE nº 10824 de 17.11.2014).

O 14.10.2013 o enxeñeiro de camiños, canles e porto municipal emite informe en relación ao proxecto que di: << (...) 6.- En resume, trátase de reparacións e mellora dos pavimentos de viais existentes de titularidade municipal sin que correspondan a novas urbanizacións completas nin varíen ou se modifiquen de ningunha maneira as condicións urbanísticas das parcelas e edificacións que dan fronte a cada un dos viais.

Polo tanto as obras son urbanisticamente admisibles e xustificadas en canto á necesidade da reparación dos pavimentos. (...) 7.- As obras proxectadas cumpren, a xuízo do técnico que suscribe, e sin prexuízo do que ao respecto se considere polas restantes administracións ás que se deben tramitar as autorizacións sectoriais citadas (Patrimonio), os requisitos técnicos de adecuación de materiais, solucións construtivas, etc., ademais de adaptarse ás previsións do PXOM/Rev. 98 de Fene en canto á existencia dos viais de actuación polo que o Proxecto infórmase favorablemente con carácter previo en canto aos aspectos urbanísticos, viabilidade das actuacións a partir da existencia previa e dispoñibilidade dos viais de titularidade municipal, conveniencia da actuación e admisibilidade das solucións técnicas, a reserva do que poida considerar Patrimonio.

Polo tanto, previamente á aprobación definitiva do proxecto deberá requirirse a tramitación das autorizacións preceptivas dos organismos con competencias directas de afección citados: Patrimonio>>

0-0  
09E  
051  
-d  
-E  
TC



Consta no expediente informe da secretaría municipal 22/2014 de que di: << CONCLUSIÓN: Infórmase desfavorablemente a aprobación do PROXECTO DE CAMIÑO CEMITERIO-ROMARIZ (BARALLOBRE) en tanto non se obteñan as autorizacións sectoriais precisas.

Obtidas as autorizacións sectoriais favorables, levantarase o carácter desfavorable deste informe>>

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación dos presentes proxectos, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previstos no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar o proxecto "Camiño Cemiterio-Romariz (Barallobre)" redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2014 presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 17.11.2014 co núm. 10824.

Fene, 27 de novembro do 2014  
O alcalde-presidente  
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o alcalde que di que se trata do proxecto de Medio Rural, a través de AGADER, para o aglomerado do camiño que vai dende o cemiterio ata á zona de Romariz.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que se trata dunha obra consensuada cos distintos grupos políticos e que é necesaria. Por todo isto facilitará a súa aprobación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que é unha obra que está consensuada. Di que no expediente falta o informe de Patrimonio e por iso o seu grupo vaise abster para favorecer a súa aprobación.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia a abstención para facilitar a aprobación do proxecto, aínda que falten as autorizacións.

Seguidamente intervén o alcalde que di que as autorizacións de Patrimonio están tardando aproximadamente un mes.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (4 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Aprobar o proxecto "Camiño Cemiterio-Romariz (Barallobre)" redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2014 presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 17.11.2014 co núm. 10824.**

### **9. Mocións urxentes**

Non se presentan.

### **10. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- No 2011 fíxose un estudo que poñía de manifesto que no padrón do lixo había unhas 300 vivendas que non constaban, ¿vanse incorporar estes datos ao padrón e todas as propiedades que sexan posibles? e ¿que celeridade se vai dar a este asunto?. Di que o servizo do lixo é un servizo deficitario e pensa que é o momento de que a administración actúe coa información que ten, se non é así, roga que se faga coa maior celeridade posible.

Contéstalle o alcalde que pensa que se refire ao estudo que fixo a empresa Gaínto e dille que non se utilizaron para nada eses datos porque ten serias dúbidas sobre a legalidade e a utilización dos datos que constan no estudo. Ignora quen puido ter facilitado os datos do padrón para proceder ao cotexado dos datos e chegar á conclusión daqueles 300 veciños que non están de alta no lixo. Non consta que o estudo fose encargado formalmente e por iso o goberno non o vai usar. Isto non quere dicir que non se proceda a realizar unha tarefa inspectora por quen corresponda para tratar de depurar o padrón de xeito que as persoas que usan e non o pagan pasen a pagalo.

- Nos últimos plenos extraordinarios comprobaron que se fixo un suplemento de crédito para as partidas de viais que non atendían a gastos novos, senón para gastos efectuados, algúns deles de miles de euros e, se se veñen a aprobar, supón que ninguén fixo a retención de crédito antes de facer o gasto nin a comprobación se existía crédito para facelo, por iso pregúntalle ao concelleiro de servizos, ¿cales son os criterios para aprobar o gasto na súa área de xestión?

Contéstalle o concelleiro de servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que o criterio que se segue á hora de pasar os gastos é sempre darlle o mellor servizo aos veciños, atendendo ás súas necesidades. Respecto das partidas dille que lle achegará as que ten esgotadas.

- Respecto de cal é o mellor proxecto que se debe efectuar para o acondicionamento do río Cádavo e segundo as manifestacións do alcalde respecto da dispoñibilidade de terreos para abrir o leito do río o partido socialista pensa que hai espazo suficiente sen limitar a circulación, por iso pregunta, ¿coñece quen son os propietarios dos terreos colindantes desa zona e se iso supón algún condicionante para o goberno á hora de escoller entre un proxecto e outro á hora de intervir na zona?

Contéstalle o alcalde que di que os colindantes tamén os coñece el e que non hai ningún condicionante para intervir. Estase á espera dun proxecto de Augas de Galicia que tan axiña como chegue será exposto e o concello exporá os criterios que considere convenientes. Aínda que se está facendo o proxecto non ten constancia do seu contido e aínda que se poida soterrar para o goberno é moito mellor sacalo á luz que soterrallo.

- Xa teñen preguntado noutros plenos e por escrito respecto de distintas obras que se fixeron nos parques infantís a principios de ano e na contestación do 27.10.2014 o alcalde contestoulles cousas que non preguntaron, o que agradece, pero no punto 2 da contestación dise que a partida é para que a empresa certifique as pezas substituídas consonte á normativa europea aplicable, por iso pregúntalle, ¿a que normativa europea se refire?. Non obstante sinala que a partida dese proxecto que é de 210 euros correspóndese co prezo de mercado das certificacións de todo o parque, por iso é difícil pensar que certificar só unhas soas pezas do parque custe tanto. De todos os xeitos o seu grupo pediu copia das certificacións e non llas facilitaron, polo que roga que llas faciliten.

Contéstalle o alcalde que o que se fixo foi unha reparación puntual dalgúns elementos que estaban estragados nos parques infantís de Fene e ten lóxica que a empresa que fixo a reparación non poida certificar a totalidade do parque e certifique aquelas partes nas que interveu. Quere deixar constancia de que hai, e que se lles facilitou, unha auditoría feita por empresa competente das carencias e deficiencias dos parques das que son conscientes e que tratarán de solucionar, pero tal e como consta nesa auditoría a inversión sería duns 68000 euros e no mes de decembro, co orzamento case que esgotado, o concello non pode afrontar esa inversión, sen prexuízo que considera que se debe facer canto antes, debido precisamente á falla de certificación e á perigosidade que pode ter para os nenos a súa utilización.

- ¿Cal é o uso ou destino dos cartafoles do aniversario do Museo do Humor?

Contéstalle a concelleira de cultura, Rocío A. Bértoa Puente, que o uso das carpetas prestixio ou cartafoles foi repartilas aos asistentes no acto do aniversario a modo de recordo e recoñecemento ás persoas que visitaron o Museo de Fene.

- Pregúntalle ao concelleiro de seguridade, ¿con que bancos se pode efectuar o pagamento electrónico das multas que se tramitan no Concello de Fene e cal é o procedemento? Algúns veciños non puideron finalizar os procedementos por pedir máis datos dos que se indican ou ter problemas cos códigos de barras.

Contéstalle o concelleiro de seguridade, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que toma nota de todas as referencias das denuncias e dille que agora non lle pode contestar e que o fará tan axiña como teña a información.

- Roga, respecto da información que solicitaron das altas do catastro entre o 2007 e o 2014, que lla faciliten canto antes. Tamén teñen pedido a relación de subvencións concedidas o ano pasado.
- Roga que en San Marcos, a altura da igrexa, se proceda ao pintado do paso de ceбра.
- Roga que se corrixa canto antes as instrucións dos boletíns para facer os pagamentos das multas ou se suprima a referencia ao pagamento electrónico se non é posible facelo.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- O mes pasado preguntaron pola taxa da depuradora ao que se lle contestou que este mes se levaría á comisión e logo a este pleno e isto non sucedeu polo que pregunta, ¿hai algunha previsión ao respecto?

Contéstalle o alcalde que efectivamente se dixo iso pero aínda non está finalizado o traballo, non obstante espera que antes de que remate o mes se lles poida pasar copia do borrador para logo levalo á comisión e aprobalo no pleno ordinario ou ben realizar un extraordinario.

- Roga, igual que nos plenos pasados, que se trate o tema das ordenanzas.

- ¿Hai orzamento previo para o alumeado de Nadal deste ano?

Contéstalle o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que houbo uns problemas técnicos na súa instalación que xa están resoltos. Respecto da pregunta dille que os orzamentos tiñan unha partida específica para isto, ao non aprobarse o anterior orzamento queda prorrogado coa mesma partida. Pedíronse ofertas a 6 empresas en base ao prezo máximo que se pagou o ano pasado, facturándose 1000 euros menos que outros anos, xa que o orzamento é de algo máis de 13000 euros e inclúe as 80 arcadas, a fachada do Concello, a xestión con Unión Fenosa e demais.

- Hai 3 meses rogaron que se fixera algunha xestión para o soterramento dos cables da luz na rúa Antonia Montero e rúa da Paz en Perlío e quere saber, ¿fíxose algunha xestión?

Contéstalle o alcalde que llo comentou á persoa de Unión Fenosa que habitualmente se relaciona con Fene pero non é a persoa axeitada e aínda non o falou con esta.

- ¿Hai algunha novidade sobre o paso de peóns solicitado en Conces? ¿hai algunha contestación da Xunta de Galicia?

Contéstalle o concelleiro de obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que a Xunta de Galicia non ve axeitado a colocación dun paso de peóns na zona onde o solicita o veciño porque non reúne as condicións de seguridade axeitadas e poñelo máis adiante non lle solucionaría, polos problemas de mobilidade que ten, así que nun principio non se vai sinalizar.

- Hai algún tempo que levan pedindo que lle faciliten as altas de Catastro dende 2011 e reitera este rogo.

- Roga que lle faciliten as altas que houbo no padrón do lixo dende 2011.

- Estase vendo que moitas veces os expedientes veñen con informes desfavorables dos técnicos, por iso cando se fagan convenios con outros concellos máis pequenos, como pode ser o de Cabanas, pensa que debía ser Fene quen levase a iniciativa cara a evitar que os traballadores municipais teñan que estar case que emendando. Ademais e ao mesmo tempo tampouco se porían en perigo os cartos de Fene, xa que cando se asina un convenio débese ter capacidade económica para podelo afrontar. Roga que a partir de agora se tente cambiar o xeito de proceder.

O concelleiro de promoción económica, Juan José Franco Casal, contéstalle que xa encabezaron algún convenio e así seguirá sendo cando sexa con Concellos máis pequenos.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Ten o goberno municipal coñecemento das numerosas caídas de xente na praza Verde como consecuencia das obras?

Contéstalle o alcalde dicindo que si escoitaron queixas ao respecto e logo de facer as comprobacións oportunas di que a pintura que se lle deu á praza ten tratamento antideslizante. A obra está a piques de rematar e logo entrará en garantía.

- Quere saber como está o tema da desratización, xa que segue a haber queixas dos veciños, e ela mesma veu esta mañá en Marqués de Figueroa 4 ou 5 ratas mortas que as estaban recollendo os veciños.

Contéstalle o alcalde que o motivo de que aparezan ratas mortas é que hai uns plenos se lles dixo que había ratas vivas o que motivou que se fixo unha campaña especial.

- Roga que lle expliquen unha nova que apareceu o outro día no Diario de Ferrol na que o alcalde dixo que tiña que pensar en que empregar á brigada de obras porque non había para comprar material.

Contéstalle o alcalde que si fixo esas declaracións. Dille que ten que ser consciente que se tramitou unha modificación de crédito duns 80.000 euros, precisamente para dotar o tema de estradas e cando se fala disto non se pode pensar só en facer algún asfaltado, botar zahorra ou facer algún rebacheado, tamén inclúe o tema de arranxos de beirarrúas, o pintado de bordos e demais. Di que hai unha serie de persoal que se adica a isto e se non se pode mercar material terán que adicarse a outras tarefas.

- ¿As ofertas que se reciben para o alumeado de Nadal son en sobre pechado?

Contéstalle o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que se as ofertas son presentadas a través do rexistro municipal.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19:16 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

D-O  
360  
150  
P-  
E-  
C.I